

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: Do 2 de xaneiro (ás 0:00h) e ata o 5 maio de 2023

CONDICIÓNS PRINCIPAIS: para persoas con máis de 18 anos, con ingresos anuais da súa unidade de convivencia de entre 3.954,30€ e 23.725,80€ e nos que ningunha das persoas sexa propietaria doutra vivenda con capacidade de ser ocupada.

CÓMO PRESENTAR A SOLICITUDE:

- **OPCIÓN 1:** dixitalmente, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (acceso a través da CHAVE 365 ou co certificado electrónico), **procedemento VI483A**.
- **OPCIÓN 2:** en papel, a través do Rexistro do Concello.
- Recoller impresos en oficina de vivenda do Concello ou directamente nas seguintes ligazóns:
<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/21801314> para descarga Anexo I
<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/21814406> para descarga Anexo II

DOCUMENTOS IMPRESCINDIBLES* A PRESENTAR:

- a) **Anexo I** debidamente cuberto e asinado
- b) **Contrato de alugamento** vixente e de duración de máis dun ano, no que ha de reflectirse a referencia catastral da vivenda alugada (no caso de non contar con este requisito pode presentarse un escrito asinado polo arrendador no que acredite a referencia catastral da vivenda alugada e anexarlo ó contrato vixente).
- c) **Xustificante de empadronamento conxunto**, no que aparezan todas as persoas convivintes e empadroadas na vivenda. (máximo antigüidade de 3 meses). Pódese solicitar no concello.
- d) **Anexo II** debidamente cuberto e asinado (só para aqueles peticionarios que teñen unha unidade de convivencia de máis dunha persoa). No caso de fogares unipersonais non é preciso cubrir o ANEXO II.

*Olo: As solicitudes que non acompañen os documentos a), b) e c) (no caso de fogares unipersoais) ou a), b) c) e d) no caso de fogares con máis dun convivinte serán excluídas directamente do proceso de concesión de axudas.

OUTROS DOCUMENTOS:

Ler detidamente o ANEXO I (apartado “documentación que se presenta”) e comprobar si existe algún outro documento que, segundo o noso caso, poida ser preciso entregar. De ser así , haberá que adxuntalo tamén.

RECOMENDACIÓNS:

Xerais:

Os documentos dirixiránse á “Área provincial del Instituto Gallego de la Vivienda y Suelo de Pontevedra”.

Ó tratarse dun procedemento de concurrencia non competitiva, terán máis opcións aquelas persoas que presenten as solicitudes de axuda antes no tempo.

En presentación electrónica:

- ter os documentos a adxuntar previamente escaneados e como documentos únicos (todas as páxinas nun mesmo pdf ou formato aceptado pola plataforma) para poder subilos de forma máis áxil.
- gardar os datos durante o proceso, para evitar posibles “caídas” do sistema e ter que voltar empezar de cero.

En presentación presencial ou en papel:

- non esquecer asinar todos os documentos, alí onde sexa requerido.